

PERCORRIDO CON ROSALÍA O Vigo dos Cantares

Vigo da man de Rosalía de Castro pola Zona Vella de Vigo levaranos a coñecer a cidade no século XIX, os cambios sociais e políticos producidos tras a Reconquista. Valorar o esforzo dunha elite intelectual viguesa que se ofreceu á cultura. Descubrir os lugares concretos das persoas que tiveron relación directa coa publicación de *Cantares gallegos*; saber que na rúa Real Juan Compañel mantiña a imprenta do Rexurdimento...

Un paseo polo Vigo dos nosos devanceiros que nos axudará a completar o relato de cidade traballadora e industrial xa que Vigo tamén foi, e é, cidade cultural.



Día: 19 de febreiro de 2022

Lugar e hora de saída: Oliveira do Paseo de Afonso XII ás 11 horas

Para se inscribir debe chamar ao 010 ou 986 81 02 60

PUNTOS DE INTERESE:

OLIVEIRA

PRAZA DO PEÑASCO: falaremos sobre a importancia do movemento industrial; o desenvolvemento da burguesía, os cambios arquitectónicos que se ían producindo daquela...

RÚA CHAO: darase a coñecer a relación da familia Chao con Vigo e con Rosalía de Castro. A importancia dos irmáns Chao, sobre maneira de Alejandro Chao...

RÚA REAL: faremos dúas paradas; unha diante do que foi a sede da provincia de Vigo. O que nos levará a falar sobre o significado que tivo sermos provincia e a súa relación coa chegada a Vigo da imprenta. E xa daquela, da relevancia cultural do Vigo do momento.

A seguinte será diante da imprenta de Compañel, onde falaremos da Rosalía dos Cantares.

RÚA OLIVA: fronte onde estaba a imprenta de *Faro de Vigo*, local de Ángel Lema.

BIBLIOTECA JUAN COMPAÑEL, sede do antigo Casino de Vigo. A importancia do seu presidente, mecenas de Rosalía de Castro, por ter posto os cartos para que houbo a imprenta de Compañel en Vigo. Relevancia do Casino.

PRAZA DA CONSTITUCIÓN, onde estaba a botica de José María Chao. Sobre o movemento cultural, social e político que se producía na rebotica.